

NAVAZA BLANCO, GONZALO (2006): FITOTOPINIMIA GALEGA. A CORUÑA: FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, 696 PP.

Este libro constitúe un traballo moi rigoroso, moi ben feito e, malia a valiosa axuda da informática, enorme. Efectivamente, o libro estuda cerca de 8.000 topónimos derivados de 240 formas toponímicas, desde *abelá* a *zarza*, pasando por *bedro/beldro*, *borraxa*... que corresponden a 150 especies botánicas distintas, que están debidamente identificadas co

seu nome científico nun índice que figura ó comezo do libro, nas páxs. 5 a 10.

O corpus do que parte o estudo recolleuno o autor cando actuou como filólogo de campo durante cinco anos (entre 1986 e 1991), nun traballo encargado polo Instituto Geográfico Nacional para face-la corrección dos mapas oficiais a escala 1:25.000 publicados polo mencionado organismo estatal. Nestes mapas figuran, naturalmente, tódolos topónimos maiores e moitísimos menores, dos cales o autor seleccionou aqueles, que dun xeito ou outro, se relacionan co título.

A zona estudada comprende a provincia de Ourense na súa integridade —é dicir, os seus 92 concellos— e algúns territorios veciños a ela, pertencentes ás provincias de Pontevedra (10 concellos) e de Lugo (7 concellos). Nos concellos non ourensáns traballa soamente cos nomes de lugar das zonas incluídas nos mapas correspondentes, aínda que están case completos o pontevedrés da Lama e o lucense de Quiroga.

Ademais das áreas galegas, inclúe unha franxa do territorio de 5 concellos leoneses e 4 zamoranos que na fala, e na toponimia, difiren pouco das áreas galegas limítrofes.

Na páxina 14, o libro inclúe dous mapas. O primeiro representa os concellos abrangidos polo estudo, citando con números os ourensáns e con letras os pontevedreses e lugueses. Os códigos que identifican os concellos ourensáns son os utilizados polo Instituto Nacional de Estatística, e que figuraban nos nomenclátors oficiais editados por este organismo. Non se inclúen neste mapa os municipios leoneses e zamoranos, que están citados, en cambio, na páxina anterior. O segundo mapa inclúe, cos seus códigos correspondentes, as 78 follas oficiais a escala 1:25.000 publicadas polo ING.

A limitación xeográfica xa nos indica que se trata dun estudo non exhaustivo de tódolos fitotopónimos galegos, pero o autor estuda os topónimos relacionándoos con outras áreas galegas e do resto da península Ibérica, para o que toma como referencia os nomenclátors provinciais do Instituto Nacional de Estatística. Os topónimos maiores galegos están tomados do *Nomenclátor de Galicia*, do que, no momento en que se fixo o estudo,

estaban publicados os volumes correspondentes ás provincias de Ourense e de Pontevedra. As referencias á toponimia portuguesa tómaas, xeralmente, do *Novo Dicionário Corográfico de Portugal*, de A. C. Amaral Frazão (DCP), editado no Porto en 1981.

Ó final inclúense como apéndice 17 mapas referidos a aspectos toponímicos, como a repartición de determinadas formas léxicas (*abeleira/abelaira/abraira; acivo/acivro; bido/bidul/bidulo*) e o resultado de determinados sufixos (*-enda, -endo, -indo...*).

Un dos aspectos máis interesantes do traballo é a recollida na documentación medieval dos testemuños antigos —cando existen— dos topónimos tratados. As formas antigas corroboran as hipóteses etimolóxicas e, en ocasións, serven para rexeitalas; así mesmo, mostran a antigüidade dun nome e a súa evolución ó longo do tempo. O autor bota man de documentos xa editados —como os dos mosteiros de Santo Estevo de Ribas de Sil e de San Pedro de Rocas, editados por Duro Peña, os de Celanova, editados por J. M. Andrade, os de San Martín de Castañeda, editados por A. Rodríguez González, e os de Oseira, editados por Romaní...—, ata un total de 33 fontes diplomáticas. Usa tamén documentos do mosteiro de Montederramo, que está transcribindo e editando Ramón Lorenzo. Outra fonte inédita manexada por Navaza é unha colección de documentos do século XII da catedral de Ourense que constitúe a tese de licenciatura de M. Carne Vázquez Vaamonde.

O labor de recollida e organización das formas rexistradas na documentación antiga debeu ser certamente pesado, aínda que tamén é certo que ás veces divertido; así ocorre, por exemplo, cando se encontran sorpresas como un «porto de Nespereira», topónimo de Zamáns, en Vigo, convertido nun documento castelán do ano 1528 en «camino del porto de Inés Pereira» (páx. 371), transformación que ten pouco que envexar á tan citada de *Niño da Aguia* en *Niño de la Guía*.

Ademais de para o estudo da toponimia, o libro é tamén útil para os estudosos da antroponimia medieval. O documentos citados descubren ás veces divertidas alteracións —como unha *dona Tareixa/Tereixa*

que se converte en *dona Cereixa* (p. 200)— e interesantes alcumes, como no caso dun *Johannes Petri dicto Acedo* e dun *Pedro Eanes carne azeda*. Así mesmo, é sorprendente atopar unha vaca medieval de nome *Calveliña*: *Mándolles a mea de bezerra, filla da Calveliña, e a mea dua vaca que anda en Fonteela* (ano 1292) [p. 128].

O autor, sempre prudente, ofrece adoito as posibilidades de interpretación dun determinado topónimo. Así, para explicar *A Baboreira*, nome dunha paraxe non habitada en Viana do Bolo, considera a posibilidade de identificala con *APÓPÉRARIA, relativo á *abobra*, *abóbora*, pero non descarta que se trate dun nome relacionado con *bevoreira*, relativo á figueira das *bévoras* ou *brevas*. Incluso lembra unha terceira posibilidade: que se trate dun zoónimo relativo á abundancia de víboras ou dun fitotopónimo, pois, lémbra-nos, a *viboreira* ou *herba viboreira* son denominacións comúns do *Ecchium vulgare*.

Outros exemplos que se poden citar son *O Gorgullo* —sobre o cal non se decide a confirmalo carácter fitotopónimo, zoonímico ou hidronímico—, *A Cabrueira* (fitotopónimo ou zootopónimo), *Calvo* (referido á ausencia de vexetación ou, quizais, antropónimo), etc.

A lectura da documentación medieval permítelle ó autor aclarar-la verdadeira orixe de topónimos ata ese momento escuros. Así, ó explica-los topónimos *Panforte*, *Pampodre*, *Fartapán* e outros, refírese o autor ó topónimo *Panfolía* (nome de lugar en Pantón-Lugo) que fora noutro estudo cualificado de «extraño», sen que se chegase a dar unha explicación satisfactoria para a súa relación cos substantivos *pan* e *folía*. Navaza atopa un *Pay Folía*, que habitaba en Carnota nos anos 1399, 1433, 1433 e 1434, antropónimo que explica perfectamente o citado topónimo.

Así mesmo, coa documentación medieval queda invalidada a hipótese de Moralejo, seguida por Palacio, de que a aldea de *Tribás* —no concello de Pantón— fose unha deturpación de *Trigás* por equivalencia acústica: as formas da documentación medieval (*Tiulanes*, *Tiulaes*, *Tiulaens*, *Tribaens*, *Tribaes*...) son un testemuño definitivo para rexeitar esta suposición. A tódalas formas citadas, que Navaza atopa en documentos do mosteiro

de Oseira, podemos engadir hoxe un *Trivais* que se atopa nun documento do ano 1289 en documento do mosteiro de San Salvador de Ferreira de Pantón editado por Fernández de Viana.

O autor ofrece hipóteses ben suxestivas para explica-la orixe dos topónimos. É o caso da explicación do *Porpalla*, de Ordes, como representante actual dun nome propio *Pero Palla*. Do mesmo xeito, é verosímil a explicación de *Pentes* como nome referido a un tipo de cardo usado para facer cardas, pois, aínda que os nosos dicionarios non rexistren unha planta con ese nome, a súa hipótese está apoiada pola existencia en portugués dun *cardo penteador*.

Ademais de prudente, o autor é tamén valente e non dubida en rexeitar, con convincentes argumentos, hipóteses interpretativas adiantadas por estudiosos de moito prestixio no campo da onomástica. Así, cando explica o topónimo *Toxa*, rexeita a hipótese do profesor Isidoro Millán González-Pardo que o emparentaba cos hidrónimos *Teo*, *Tea*, *Te* e consideraba todos eles derivados dunha raíz hidronímica ide **teku* 'correr, fluír'. Navaza quíttalle argumentos á hipótese ó demostrar que Millán leu mal os testemuños ourensáns que aduce: *Toxas* é, en realidade *Toxás*, e o arroio *Toxón* é, en realidade, un *regueiro do Foxón*; por outra banda, os étimos **tegos*, **tega* que Millán supoñía para *Teo*, *Tea* veñen contradicidos pola documentación medieval (*Teneo*, *Tineo*, etc.) que Navaza aduce.

Do mesmo xeito, convence a súa refutación da hipótese de que os *Moreira*, *Moreda*, etc. teñan unha base prerromana **mor*- 'roca, monte' defendida polo profesor Rivas Quintas. A explicación fitonímica (*amoreira*, *moreira*...) paréce-nos máis convincente cá oronímica ofrecida por Rivas.

Nalgúns poucos casos, ó lector do libro ocórrenselle algunhas hipóteses para explicar topónimos que non quedan nel suficientemente aclarados. Así, o topónimo *Cacidrón*, nome dunha entidade de poboación no Castro de Caldelas, aparece asociado con *cidrón* —denominación para a *herba Luísa*, a causa do cheiro a limón desa planta—; pero a presenza no primeiro elemento do topónimo *ca* < *casa* move ó autor a ver nel

máis ben un antropónimo. E esta idea lévao, infrutuosamente, a buscar nos repertorios un nome **Citrone* ou semellante que poida dar razón do topónimo. Pero a explicación pode ser máis sinxela: existe en Monforte de Lemos, non lonxe do Castro, o apelido Cedrón que puido orixinar perfectamente o mencionado nome de lugar.

Un topónimo *A Cegañeira* de Lobios queda perfectamente explicado a partir do fitónimo *cegaño*, unha especie de carpaza, segundo testemuño do padre Sarmiento, quen lle oíu a un vello a voz *segaño* ou *cegaño*. Con todo, o feito de que, como lembra o autor, esa voz non apareza en ningún dos dicionarios galegos e, ademais, o de que non teñamos ningún documento medieval que poida dar luz sobre este nome, lévanos a pensar se non se tratará, en realidade, dunha deturpación de *A Cegoñeira*, nome que atopamos dúas veces no *Nomenclátor de Galicia*, ademais de un *As Cegoñeiras* e outros dous *A Cigoñeira*.

A observación de como está espallado un determinado topónimo dentro do territorio pode dar lugar a interesantes hipóteses. Así, Navaza comproba que, na zona que el estuda, o nome común *braña* dá lugar a uns poucos topónimos e que todos eles —agás un— se localizan na zona do cordal montañoso do Testeiro-Suído (Beariz, Avión, Boborás, Lalín, O Irixo). O único *A Braña* fóra da mencionada área localízase no municipio de Sarreaus, que debe o seu nome ó xentilicio que se converteu en topónimo cando na baixa Idade Media se estableceu na zona do norte da Limia un grupo de colonos procedentes de Sarria, lugar onde *Braña* si é topónimo común. Para Navaza, esta inmigración medieval explica a «anómala» existencia deste nome —ausente na toponimia maior portuguesa e na maior parte da provincia de Ourense— nunha zona onde constitúe unha rareza. No mapa nº 7 do apéndice ilustra ben a distribución de *Braña* en Ourense e na toponimia maior de Galicia.

O magnífico escritor que é Navaza reflíctese na claridade de redacción, na propiedade do léxico e na perfección formal da edición. Os case inexistentes erros ortográ-

ficos (*Esta* por *Está*, p. 78; *se* por *de*, p. 461), unha liña viúva (p. 347) e a entrada *127, goldra*, fóra do lugar que lle corresponde na ordenación alfabética —aparece despois de *125 gorgullo* e *126 gromo*—, son tan poucas grallas que non contradín o que afirmo máis arriba.

Con todo, e polo que se refire ó léxico, quero manifesta-lo meu desacordo con dous usos, por outra parte moi frecuentes na lingua actual, que me parecen impropios: o de *xeografía* en lugar de *territorio* (*topónimos [...] repartidos polas zonas de montaña da xeografía galega*, p. 370; *Este nome non designa a mesma planta en toda a xeografía galega*, p. 450) e o de *climatoloxía* en lugar de *clima* (...onde a *climatoloxía* o *permite*, a *viña [...] foi e segue a ser intensamente cultivada desde a Idade Media*, p. 559).

Hai, pois, que felicitar á Fundación Barrié de la Maza pola publicación deste magnífico traballo que enriquece a Biblioteca Filolóxica Galega do Instituto da Lingua Galega.

Antón Palacio